

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Monte Carrasco, que está situado no concello de Cangas, parroquia de Darbo, no lugar coñecido como Monte Carrasco do que toma o nome, nunha zona rica en legados prehistóricos, en concreto, petróglifos, atópase a unha distancia duns catro quilómetros do centro urbano e ten como centro adscrito o CEIP "San Roque" da mesma parroquia. Darbo, contorna xeográfica e social do alumnado que escolariza o centro, está situado no centro do termo municipal de Cangas, sendo a máis poboado do mesmo. Ten unha tendencia clara ao aumento de poboación, pois nos últimos anos algunhas zonas da mesma estanse a converter en áreas residenciais do propio municipio e do propio Vigo.

O IES Monte Carrasco está tipificado como centro de ESO con 8 unidades de liña 2 (2 grupos para cada un dos cursos desta etapa educativa). Conta con 8 aulas, unha para cada un dos grupos de alumnos e alumnas. De 1º a 4º da ESO, con dous grupos por cada nivel. Dotadas de equipos informáticos, canóns e pantallas dixitais, son espazosas, moi luminosas e adaptadas as necesidades do alumnado. Catro delas son aulas Abalar (1º e 2º ESO). O centro conta, ademais, con tres aulas de desdobres. Como aulas específicas están a aula de música, a aula de informática, a aula de educación plástica e visual, o taller de tecnoloxía, a aula de atención específica, o laboratorio e o ximnasio. Existen tamén espazos de uso común coma o salón de actos, a biblioteca e no presente curso inaugura un espazo dedicado a un proxecto interdisciplinar chamado "Polos Creativos". No que se refire ao espazo exterior, o centro conta con aproximadamente 5.000 m<sup>2</sup> de xardíns e zonas de xogo e lecer, entre os que se atopa unha pista polideportiva e un invernadoiro.

Esta programación está deseñada para impartir a materia nos dous grupos de 1º da ESO.

O 1º ESO B está composto por 16 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos. Neste grupo hay un alumno que repite curso e outro que presenta dificultades no aprendizaxe e ten activos os protocolos TEA e TDH.

O 1º ESO A está composto por 22 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos. Neste grupo hay unha alumna que ten unha discapacidade cognitiva, outra que presenta unha situación de vulnerabilidade familiar e un alumno cun retraso madurativo tipificado polo departamento de orientación.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Este proxecto interdisciplinar conecta con tres eixos vertebradores da programación xeral anual deste curso 2023-2024. Por un lado, pretende estrechar os lazos entre as distintas disciplinas da área artística e paliar a necesidade de crear un espazo onde combinar o aprendizaxe e desenvolvemento da linguaxe xestual e verbal ao non existir ningunha materia específica no currículo da ESO que aborde a ensinanza das Artes Escénicas. Por outro lado, conecta cos obxectivos marcados no centro acerca da adquisición de hábitos saudables ao centrarse na práctica da interpretación e a danza e intégrase no Proxecto de Vida Activa e Deportiva do plan Proxecta. Finalmente, forma parte do proxecto de Polos Creativos ¿Das raíces ás estrelas? xa que o repertorio empregado tanto para a práctica como para a investigación será o propio das culturas tradicionais europeas.

O teatro, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito interpretativo como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento de hábitos saudables.

A práctica da interpretación mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. As artes escénicas potencian o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo os valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de grupos cooperativos nos que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar pequenas pezas teatrais en conxunto ou investigar sobre o feito dramático no seu contexto. A participación neste proxecto fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as

estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

Entre outros, é obxectivo dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos culturais, relacionados co mundo da interpretación, unha comprensión do teatro como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á interpretación en todas as súas formas e o entendemento do teatro como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. O repertorio escollido tanto para a práctica como para a investigación será unha selección de obras clásicas da literatura occidental que nos levará a comprender as culturas tradicionais europeas. Considérase fundamental que a aprendizaxe se realice de xeito vivencial, a través da práctica, do movemento, da improvisación e a interpretación. Tamén se lle outorga un papel importante á análise de diferentes xéneros, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Así mesmo, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde se respecten os seus centros de interese e certo grao de autonomía e onde a práctica e a vivencia da interpretación sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A comunicación sen palabras. Linguaxe xestual e mímica.	Nesta unidade preténdese explorar as posibilidades expresivas e de movemento do noso corpo a través de exercicios de rítmica. Así mesmo, traballaranse os elementos da linguaxe xestual mediante a	10	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A comunicación sen palabras. Linguaxe xestual e mímica.	experimentación corporal, dunha forma vivencial mais que teórica.	10	4	X		
2	Descubrinto os clásicos. Orixes da traxedia na Grecia clasica.	Nesta unidade o alumnado pescuda información sobre obras de teatro clásicas e achégase a historia do nacemento dos xéneros teatrais mais influentes. Ademais, coñecerá os principais elementos do teatro e a escenografía.	15	6	X		
3	Aprendendo a leer teatro. A catarse e a anagnórisis. A emoción e a reflexión.	Nesta unidade coñeceremos a estrutura narrativa das obras de teatro e practicaremos a lectura dramatizada con pequenos diálogos de pezas teatrais recoñecidas na historia do teatro clásico.	20	6	X	X	
4	Heroes, heroínas, bufóns e Viláns. Caracterización e vestuario.	Unidade na que aprenderemos a caracterizar a os persoaxes dunha obra de teatro prestando especial atención o vestuario e os complementos. Igualmente, afondaremos nos roles do/da protagonista e o/a antagonista e coñeceremos algún dos arquetipos e estereotipos da traxedia clasica.	10	4		X	
5	O son na paisaxe do maxín. Construindo escenografías de luces e sombras.	Unidade na que exploramos as posibilidades do son como elemento fundamental da escenografía teatral. Tamén traballaremos na elaboración de atrezzo para unha futura representación e exploraremos as posibilidades da iluminación.	15	7		X	
6	O gran estreo: preparámonos e representamos.	Unidade na que se escribe, ensaia e presenta ante un público, unha adaptación dunha obra de teatro escollida, previamente, polo alumnado.	30	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A comunicación sen palabras. Linguaxe xestual e mímica.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar as diferentes funcións da comunicación non verbal. Explorar a expresión xestual e a mímica. Experimentar as distintas emocións que podemos transmitir, únicamente, a través do movemento do noso corpo.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para preparar a posta en escea dos exercicios de interpretación iniciais. Selección de espazos para desenrrolar pequenas actuacións con público.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. Búsqueda dun enfoque temático. Introducción da práctica teatral.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Descubriendo os clásicos. Orixes da traxedia na Grecia clásica.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar as diferentes funcións das artes escénicas o longo da historia da humanidade. Explorar os orixes do teatro clásico. Coñecer os principais xéneros teatrais.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para preparar a representación dunha obra de teatro. Introducción á escenografía. Búsqueda e selección dun inventario mínimo e necesario para a consecución do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar algunhas das pezas de teatro clásico mais recoñecidas da historia das artes escénicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendendo a leer teatro. A catarse e a anagnórisis. A emoción e a reflexión.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Práctica da lectura dramatizada de textos extraídos das obras mais relevantes na historia do teatro clásico.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Identificar e os recursos necesarios para transmitir distintas emocións a través da interpretación.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Escritura de diálogos entre persoaxes. Elaboración dunha escaleta onde se describa, de principio a fin, as diferentes esceas que compoñerán a acción dramática da obra de teatro.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Toma de decisións sobre as obras elexidas como referentes para escribir a adaptación teatral obxeto do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Adecuar a obra elexida ó nivel competencial do alumnado involucrado no proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Heroes, heroínas, bufóns e Viláns. Caracterización e vestuario.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Identificar, seleccionar e confeccionar os elementos de atrezzo relacionados co vestuario necesario para caracterizar de maneira axeitada os distintos persoaxes que participan na obra de teatro.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Coñecer os estereotipos e os arquetipos da traxedia clásica. Analizar a importancia dos roles do protagonista e o antagonista. Profundizar nas distintas estratexias de caracterización dos persoaxes que participan na obra de teatro.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Elaborar un inventario do vestuario necesario para caracterizar a todos os persoaxes que participarán na representación teatral.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Determinar as distintas funcións que han de xogar e as responsabilidades dos participantes no proxecto que non interpreten un persoaxe na representación da adaptación teatral.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Presentar un borrador da adaptación teatral que se pretende escenificar. Valorar propostas para mellorar o proxecto teatral e analizar a súa viabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
5	O son na paisaxe do maxín. Construindo escenografías de luces e sombras.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar un inventario do material requerido para a posta en escea da adaptación teatral. Confeccionar o atrezzo necesario para completar a escenografía do proxecto teatral.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Explorar as posibilidades do son e a música para enriquecer a posta en escea da adaptación teatral.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Revisar a escaleta da representación teatral e deseñar unha presentación do proxecto.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Coñecer as técnicas de iluminación escénica que poden axudarnos a mellorar o efecto da representación teatral no seu estreo ante o público.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Crear unha estratexia de promoción do estreo da adaptación teatral, para achegar o espectáculo a todos os axentes da comunidade educativa do centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O gran estreo: preparámonos e representamos.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Estrear unha peza teatral ante un público composto principalmente por membros da comunidade educativa do noso centro.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Practicar a oralidade dos diálogos escritos polos artífices da adaptación teatral.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Ensañar a posta en escea antes de representar a obra ante o público.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Traballar coma un equipo. Tomar conciencia da necesidade de prepararse ben, cada un o seu, para que o esforzo dos integrantes do proxecto obteña os mellores resultados posibles.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Documentar, gráficamente, o produto final. Preferiblemente a partir dunha peza audiovisual que rexistre o desenvolvemento da posta en escea ante o público.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Taller de teatro como medio de inclusión e convivencia".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Aspectos xerais

En todo momento se tentará partir do nivel competencial do alumnado. Terase en conta a diversidade respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe. Favorecerase a autonomía e liberdade controlada do alumnado. Potenciarase as metodoloxías activas e participativas: Combinando traballo individual e cooperativo en gran e pequeno grupo. Favorecendo a aprendizaxe por proxectos e centros de interese. Darase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Farase un uso habitual das TIC.

O profesor/a terá un papel facilitador no proceso de aprendizaxe.

Estratexias metodolóxicas

Concepción da diversidade cultural e teatral como punto de partida, establecendo conexións entre culturas, estilos e períodos e potenciando unha actitude aberta e crítica.

Coñecemento dos elementos das artes escénicas a través da confección de atrezzo, a interpretación de difernetes emocións e sentimentos e a lectura dramatizada de textos clásicos.

Interiorización de conceptos e estruturas de linguaxe no verbal a través do movemento, dando importancia ao xesto e á expresión corporal.

Estratexias guiadas de aprendizaxe cooperativo en coordinación co traballo desenvolvido noutras materias.

Colaboración e comunicación con outros departamentos e centros educativos para dotar de sentido a interdisciplinariedade e a conexión do proxecto coa contorna.

Terán liberdade no formato de presentación e promoción nos medios, dándolle a máxima difusión en Radio Labirinto (espazo radiofónico do centro educativo), con carteis que anunciarán o estreo do espectáculo nos taboleiros e corredores do centro, e indagando a posibilidade de interpretar as obras resultantes fora das instalacións do centro en espazos cedidos polo concello ou por asociacións culturais da contorna do municipio.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Os alumnos e alumnas NON usan libro de texto. O material é facilitado polo profesor en forma de fotocopias ou en formato dixital. Pediráselle ao alumnado que empregue un cartafol onde irá acumulando o material en papel que lle facilite o profesor así como os apuntamentos que sexan precisos tomar na aula. O alumnado de todos os niveis dispón, ademais, de dispositivos EDIXGAL que empregará tanto na aula como na casa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado atendendo a dous tipos diferentes de instrumentos de avaliación:

1. Unha rúbrica para as actividades prácticas de interpretación, oralidade, e manufactura de elementos de atrezzo; da que se extraerá unha cualificación cualitativa por cada ítem da rúbrica segundo a escala: Mal - Regular - Ben - Excelente. Da suma e media de todos os ítems sácase unha cualificación numérica na escala de 1 a 10, que suporá o 50% da cualificación de cada trimestre e da avaliación final.

2. Unha táboa de indicadores onde se recollen diferentes criterios de avaliación establecidos nesta programación e que valorarán o traballo individual, a competencia no traballo colaborativo, a entrega de materiais en prazo, a resolución de problemas, a procura e selección da información, o emprego de recursos materiais e tecnolóxicos, etc. Para cada criterio asígnase unha cualificación segundo a escala Mal - Regular - Ben - Excelente. Da suma e media de

todos os ítems sácase unha cualificación numérica na escala de 1 a 10, que suporá o 50% da cualificación de cada trimestre e da avaliación final.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non aplica.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión da Lectura		X	X			X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X			
ET.3 - Comunicación Audiovisual			X		X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X		X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación ante a comunidade educativa do centro.	Estreno das adaptacións teatrais.			
Entrevista nunha emisora de radio local.	Difusión informativa do proxecto.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

### **9. Outros apartados**